



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS POLO QUE SE APROBA O PACTO POLA PAISAXE PARA A PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE NAS ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO “MEANDROS DO LÉREZ” E “SERRA DO CANDO”.**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Dunha parte D<sup>a</sup>. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, do 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dunha parte, D. Jorge Cubela López, presidente da Comisión Xestora, actuando en nome e representación do concello de Cerdedo-Cotobade, e no exercicio das atribucións que lle confire a disposición adicional do Decreto 134/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o concello de Cerdedo-Cotobade.

Doutra parte, D. Alfredo L. García Rodríguez, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (no sucesivo FEGAMP), actuando en virtude das atribucións que lle confire os artigos 44 e 46.1.b dos seus Estatutos.

As partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Protocolo de Colaboración, e para ese efecto,





## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** O 27 de novembro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

De conformidade co establecido no artigo 10 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, ao Instituto de Estudos do Territorio, correspóndelle o exercicio das competencias relativas a promoción, deseño, execución e seguimento de programas ou accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da sociedade de Galicia e nas súas institucións, públicas e privadas, en especial, mediante a educación e formación nas materias de urbanismo, ordenación do territorio e paisaxe; o apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade; a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes, tales como os catálogos da paisaxe de Galicia, as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, incluída a elaboración dos informes deles derivados, así como calquera outro que se entendese como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores; así como avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.

**SEGUNDO.-** Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle á Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas,





podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscrición de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica

**TERCEIRO.-** A paisaxe evoluciona constantemente, transfórmase sen cesar debido ás diversas actividades humanas que se desenvolven no territorio. Nas últimas décadas tanto o número como a intensidade e a velocidade dos cambios na paisaxe foron moi altos, e a miúdo comportaron a perda dunha parte dos seus valores e a súa degradación. A sociedade é cada vez máis consciente de que hai que adoptar un cambio de actitude cara á paisaxe, orientado a preservar e potenciar os seus valores (ambientais, culturais, estéticos, de uso, etc.).

A paisaxe é un compoñente destacado da calidade de vida das comunidades no marco dun desenvolvemento equilibrado e constitúe unha dimensión básica para a comprensión do territorio e de como ten sido a relación histórica dos habitantes con este. Por este motivo, a paisaxe debe ser un factor importante na toma de decisións sobre os procesos territoriais e ser integrada e considerada na acción das diferentes administracións e axentes socioeconómicos dun lugar.

De conformidade co disposto no apartado primeiro do artigo 14 da Lei 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, a Xunta de Galicia, consonte ao establecido na citada Lei e na consideración da importancia ambiental, cultural, social e económica que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, promoverá accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral, e aos xestores e usuarios do territorio en particular, que teñan como finalidade a promoción do entendemento, respecto e salvagarda dos elementos que configuran as nosas paisaxes.

Así mesmo, o apartado terceiro do citado artigo establece que a Xunta de Galicia impulsará a celebración de pactos pola paisaxe como instrumentos de concertación entre as administracións públicas, as entidades locais e outros axentes económicos e sociais dun determinado territorio que de maneira voluntaria desexen promover accións de protección e mellora das paisaxes e da calidade de vida dos cidadáns no marco do desenvolvemento sostible. Estes pactos incorporarán no seu contido as actuacións concretas e específicas que teñen que emprender os diferentes axentes intervenientes para alcanzar os obxectivos de calidade paisaxística.

Este tipo de instrumento manifestouse útil noutros países, en contextos similares aos nosos. En consecuencia, aspiran a converterse nun instrumento colectivo e voluntario de





compromiso social que contribúa a xerar unha nova cultura da paisaxe en Galicia e a mellorar a calidade do noso territorio, das nosas paisaxes e do noso benestar.

**CUARTO.-** O Concello de Cerdedo-Cotobade ten competencias en materia de paisaxe e co obxecto de preservar e coidar o estado da paisaxe dos Meandros do Lérez e da Serra do Cando, que se atopan dentro do seu ámbito territorial, expón a necesidade de afrontar obras para a súa protección, xestión e ordenación a través dun pacto pola paisaxe.

Os pactos pola paisaxe non son unha simple declaración testemuñal de principios, senón que son un documento de carácter público e de compromiso a favor da paisaxe onde as partes asinantes comprométese ante a sociedade para formar parte dun proxecto colectivo e a traballar en consecuencia para lograr os compromisos asinados.

Deste xeito, o Concello de Cerdedo-Cotobade aspira a acadar a recuperación e posta en valor da ruta Cabenca-Cavadosa mediante o acondicionamento de puntos de observación panorámica e da restauración dun muíño; así como á posta en valor das augas mineiro medicinais e a recuperación do patrimonio cultural industrial como é a central hidroeléctrica abandonada, todo isto nun enclave fluvial de gran beleza paisaxística como é o Balneario de San Xusto

O artigo 14.3 da Lei 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, establece que a Xunta de Galicia será a encargada de impulsar a celebración de pactos pola paisaxe, e a estes efectos asinouse o 25 de abril de 2018 o Protocolo Xeral de actuación entre o Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dos pactos Pola Paisaxe, co obxecto de definir o marco xeral de colaboración para a súa celebración, entendidos como acordos de dereito público entre a Xunta de Galicia e os referidos entes, que deberán ter en conta as recomendacións e determinacións do Catálogo das paisaxes de Galicia e das Directrices de paisaxe para ese ámbito xeográfico, así como a existencia de espazos ou elementos inventariados do patrimonio natural, artístico ou cultural.

De conformidade co previsto no Protocolo, as actuacións desenvolveranse, conforme aos seguintes puntos e co seguinte contido mínimo:

- a) Delimitación do ámbito da actuación.
- b) Identificación dos conflitos que se pretenden resolver ou da situación que se quere mellorar e establecemento dos obxectivos que se deben acadar.





- c) Xustificación da adecuación do pacto aos instrumentos paisaxísticos de aplicación no seu ámbito.
- d) Programación na que se detallen as accións concretas e específicas que teñen que emprender os diversos axentes para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de acordo co calendario establecido.
- e) Determinación dos medios que se comprometerán para a súa execución.
- f) Elaboración dun programa de comunicación e difusión do pacto pola paisaxe.

Como temos exposto, neste pacto se establece que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda priorizará as actuacións paisaxísticas a desenvolver respecto daqueles concellos que teñan asinado un pacto pola paisaxe, co obxecto de humanizar as vilas de Galicia e de promover a súa mellora e a súa integración paisaxística.

O Concello de Cerdedo-Cotobade é o único concello de Galicia que ten solicitado a celebración dun pacto pola paisaxe. Así, o obxecto desta colaboración ten esta especial singularidade, o que acredita a xustificación da non concorrencia pública para o outorgamento da axuda.

**QUINTO.-** Que a FEGAMP é a única entidade asociativa das entidades locais de ámbito autonómico e, de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, está recoñecida polas entidades locais galegas como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria e terá as facultades derivadas da súa representatividade, constituíndo un excelente marco para realizar a difusión, coordinación e execución de determinadas programacións nos concellos e provincias ás que representa.

Que segundo establece o artigo 3 dos Estatutos da FEGAMP o seu ámbito competencial incluírá calquera asunto que garde relación cos intereses comúns dos Entes Locais que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os fins da FEGAMP recollidos no artigo 6 dos seus estatutos está o de promover e representar os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, gozando no exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios de plena capacidade para subscribir os convenios que procedan.

**SEXTO.-** Que concorren na sinatura deste convenio a través do que se formaliza o pacto pola paisaxe para a protección, xestión e ordenación da paisaxe dos Meandros do Lérez e da Serra do Cando por razóns de interese público, xa que a participación e colaboración das





institucións que subscriben este pacto servirá como instrumento para acadar unha maior eficacia e coordinación dos entes integrantes.

A colaboración entre as partes estenderase a desenvolver un proxecto piloto de pacto pola paisaxe no ano 2019 que sirva, nun futuro, como modelo de pacto para outros entes locais. Estamos, en consecuencia, ante a sinatura do primeiro pacto pola paisaxe, que se espera sirva de alicerce para desenvolver o previsto no artigo 14 da 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, mediante a sinatura de sucesivos pactos pola paisaxe cos concellos galegos.

**SÉTIMO.-** Atendendo á finalidade dos investimentos que pretende o concello, a actuación encádrase dentro do previsto no artigo 14.3 da 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, que ten un reforzo adicional no previsto no punto 5 do referido artigo que establece que: “ A Xunta de Galicia favorecerá a realización de acordos voluntarios nas áreas de especial interese paisaxístico (...), a fin de colaborar e apoiar a defensa e a conservación dos valores naturais e culturais presentes nestas áreas”.

Estamos, en consecuencia, ante un pacto pola paisaxe nunhas áreas de especial interese paisaxístico, o que redobla a importancia da súa sinatura, sendo este pacto conforme coas determinacións previstas tanto na Lei 7/2008 do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia como no Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, e nas Directrices de paisaxe de Galicia, que se están a tramitar.

Estamos polo tanto ante unha mellora da paisaxe, orientada a preservar e potenciar os seus valores (ambientais, culturais, estéticos, de uso, etc.), dando cobertura ás necesidades da cidadanía e, polo tanto, susceptibles de recibir axudas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no artigo 10 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Instituto de Estudos do territorio, que establece como funcións propias do Instituto de Estudos do Territorio:

“A posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, tales como os catálogos e as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, (...) así como calquera outro que se entenda como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores”.





“O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados”.

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público e tendo en conta os beneficios que se derivan para o seus habitantes e a poboación en xeral, o Instituto de Estudos do Territorio considera axeitado colaborar na execución das actuacións e para iso contribuír cunha achega económica de seiscentos oitenta e catro mil oitocentos setenta e cinco euros (684.875,00 €).

A dita achega, ten que realizarse a través do concello, xa que é esta administración a máis próxima ao territorio e aos cidadáns beneficiarios. Por iso, a máis axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos.

**OITAVO.-** De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas no Concello de Cerdedo-Cotobade, único concello que ten solicitado perante a esta administración a celebración dun pacto pola paisaxe

Este pacto pola paisaxe pretende a posta en valor de paisaxes de interese a través do compromiso de aplicar os criterios de protección, xestión e ordenación da paisaxe dos Meandros do Lérez e da Serra do Cando (mediante a aplicacións das guías e das directrices da paisaxe), actuación que é imprescindible para satisfacer as necesidades da cidadanía.

Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

**NOVENO.-** O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente, o concello cumpre co requisito de ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio, previsto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.





**DÉCIMO.-** Así mesmo, en virtude do establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a sinatura deste convenio precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Por todo isto, ambas as partes deciden subscribir o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre o Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio o Concello de Cerdedo-Cotobade, e a Federación Galega de Municipios e Provincias que de maneira voluntaria subscriben e desenvolven o pacto pola paisaxe para a protección, xestión e ordenación da paisaxe nas áreas de especial interese paisaxístico “Meandros do Lérez” e “Serra do Cando”, mediante a realización das obras necesarias para dar cumprimento ao pacto, mellorando as paisaxes e a calidade de vida dos cidadáns no marco do desenvolvemento sostible.

Todas as actuacións descritas na programación desenvolveranse en bens de titularidade do concello.

### SEGUNDA. CONTIDO DO PACTO

#### a) Delimitación do ámbito da actuación:

O presente pacto pola paisaxe refírese a dúas zonas situadas no Concello de Cerdedo-Cotobade:

- A ruta entre Cabenca e Cavadosa, no territorio de Cerdedo. Este roteiro discorre polas ribeiras do Río Seixo, na aba occidental da Serra do Cando (delimitada como AEIP polo Catálogo das Paisaxes de Galicia).
- A zona do Balneario de San Xusto, na parroquia de San Xurxo de Sacosno territorio de Cotobade. Este balneario, construído polo Concello de Cotobade no ano 1915, tivo unha importante proxección turística a finais do século XIX e principios do século XX.

Na contorna do balneario existe un amplo conxunto de elementos de interese, entre os que cómpre destacar os seguintes:

- Balneario de San Xusto, zona de bañeiras
- 2 Fontes de augas sulfuro fluoradas
- 4 Muiños e canais de auga





- Minicentral hidroeléctrica San Xusto, canle e depósitos
- Camiños históricos
- Ponte romana, ponte medieval e camiño empedrado a Fentáns
- Petróglifos
- Capela de San Xusto
- Carballeira de San Xusto
- Fonte de san Xusto
- Núcleo de O Outeiro con hórreos e vivendas de arquitectura tradicional
- Regatos

Estes e outros valores paisaxísticos de índole natural, cultural e panorámico, determinaron que no Catálogo das Paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, se delimitase a Área de especial interese paisaxístico (AEIP) de San Xusto-Río Lérez.

Trátase dun lugar onde conflúen todos os usos do elemento "auga": a forza da auga primeiro para moer o grao (muíños) e posteriormente para a produción de enerxía eléctrica (minicentral). Por outro lado, estes usos produtivos superpóñense nesta contorna con espazos para o lecer: o río ensánchase e conta cunhas piscinas naturais, e as augas mineromedicinais da fonte do San Xusto son utilizadas dende tempos inmemoriais.

En ambos casos, trátase de paisaxes con altos valores naturais, culturais e estéticos, relacionados co sistema fluvial do Río Lérez.

b) Identificación dos conflitos que se pretenden resolver ou da situación que se quere mellorar e establecemento dos obxectivos que se deben acadar:

A través deste pacto conseguirase:

#### **1. Territorio de Cerdedo:**

O obxectivo é a recuperación e posta en valor da ruta Cabenca-Cavadosa mediante o acondicionamento de puntos de observación panorámica e da restauración dun muíño.

#### **2. Territorio de Cotobade:**

O obxectivo fundamental do proxecto é a posta en valor das augas mineiro medicinais e a recuperación dun patrimonio cultural industrial como é a central hidroeléctrica abandonada, todo isto nun enclave fluvial de gran beleza paisaxística.





Con este fin propónse a rehabilitación da edificación da antiga minicentral como balneario para uso e explotación das augas sulfurofluoradas que emanan do manantial próximo, así como a recuperación dos muíños para usos como o de sauna e de edificacións anexas como espazos para hostalería.

c) Xustificación da adecuación do pacto aos instrumentos paisaxísticos de aplicación no seu ámbito:

Este pacto pola paisaxe é conforme coas determinacións previstas tanto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, como no Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

Ademais desta conformidade, maniféstase o compromiso de:

1. Empregar a *Guía de cor e materiais de Galicia* nas actuacións obxecto do pacto e en todas aquelas que se desenvolvan nas Áreas de especial interese paisaxístico.
2. Empregar os criterios previstos na *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados* nas actuacións obxecto do pacto e en todas aquelas que se desenvolvan nas Áreas de especial interese paisaxístico.
3. Empregar os criterios previstos na *Guía de boas prácticas para intervención nos núcleos rurais* nas actuacións obxecto do pacto e en todas aquelas que se desenvolvan nas Áreas de especial interese paisaxístico.
4. Empregar os criterios previstos na *Guía para a elaboración de estudos de impacto e integración paisaxística* nas actuacións obxecto do pacto e en todas aquelas que se desenvolvan nas Áreas de especial interese paisaxístico.

d) Programación na que se concreten as accións específicas que teñen que emprender os diversos axentes para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de acordo co calendario establecido no Anexo I do presente convenio:

**1. Territorio de Cerdedo:**

- Actuacións nos camiños existentes:

Eliminación do estrato arbustivo e arbóreo necesario para a contemplación das vistas panorámicas de toda a ribeira do Río Seixo.

- Actuacións nas Fervenzas de Cavadosa:

Trátase dun dos puntos máis bonitos da ruta, por tal motivo nestas fervenzas instalárase unha plataforma miradoiro que permita a contemplación das mesmas de xeito seguro.





Enriba do penedo mencionado anteriormente, co fin de facilitar o uso social das correntes de augas do Rego Cavadosa desde o punto de vista didáctico-educativo, acondicionárase unha pequena área mediante unha plataforma-miradoiro de 16 m<sup>2</sup>, feita de táboas de madeira tratada, instalando un valado perimetral do mesmo material para o seu uso como área de observación das cascadas, dende a que se poderá apreciar a maravilla das augas bravas que, na súa caída, forman saltos de altura variables en ambos os dous sentidos: augas arriba e abaixo.

- Actuacións no Muíño da Ruta:

Acondicionárase un muíño mediante a limpeza interior de vexetación existente, o acondicionamento de paredes, a instalación de porta de acceso, a limpeza de presa e o acondicionamento da cuberta.

- Limpeza manual do interior.
- Levantamento e reparación dos paramentos verticais que precisen, con limpeza manual das pedras mediante cepillo de raíces no interior e con lanza de auga no exterior.
- Peche do tellado con cuberta tradicional, mediante estrutura portante a base de vigas, viguetas e entaboados de madeira de piñeiro con acabado final de tella curva vermella “do país”.
- Substitución de forxados e escaleiras.
- Levantamento de parámetro vertical de mampostería no alpendre para substituír o existente en madeira. Na fachada Sur cerramento con ventanal fixo.
- Cubrición de solado existente de terra pisada con entarimado de madeira de Piñeiro.
- Colocación de 2 barrotes de aceiro en oco de entrada de auga cara a serra.
- Portas de acceso e fiestras con contraventá:
  - Alpendre: fiestra de 85 x 130 cm, ventanal fixo de 600 x 100 cm e porta de 190 x 100 cm.
  - E. principal: 3 fiestras de 70 x 120 cm, 1 fiestra de 70 x 93 cm, 1 fiestra de balcón de 85 x 180 cm, 1 porta de 190 x 100 cm e 1 porta de 75 x 185 cm.
  - Dotación ou restauración no seo caso de todos os elementos necesarios para a posta en funcionamento da serra e da moenda.
  - Restauración de apeiros de labranza e ferramentas para a súa exposición.
  - Adecuación e limpeza da presa e o canle de subministro da auga.
  - Adecuación e limpeza de toda a vexetación nun radio de 10 m.
  - Renovación do tendido e cableado eléctrico que lle dá servizo, procedente dos poste sitos na aldea de Cavadosa.





- Creación dun centro de interpretación: se dotará da instalación de reprografía educativa para a interpretación e coñecemento de hábitats, paisaxe e especies de fauna e flora presentes na contorna, así como informar do funcionamento e compoñentes dos diferentes tipos de muíños.

## 2. Territorio de Cotobade:

Este lugar presenta actualmente problemas de accesibilidade e de impactos paisaxísticos que se solventarán coas actuacións propostas. Para isto procederase á demolición da edificación que contén as duchas actualmente co fin de recuperar este espazo. Así mesmo, colocarse unha fonte cuberta para poder beber as augas e dotalas da dignidade que merecen.

Por outra parte, preténdese consolidar os percorridos e poñer en valor todos os elementos patrimoniais e etnográficos da contorna, servindo o edificio do balneario tamén para desenvolver esta actividade.

Estas actuacións desenvolveranse en catro fases:

### - Fase 1. Intervención na urbanización e na paisaxe:

En primeiro lugar propónse a eliminación de certos impactos paisaxísticos do ámbito, como a demolición dos baños existentes gardando as trazas das bañeiras antigas e reconstruíndoas, ou a recolocación das mesas do merendeiro, liberando ese espazo e deixando a auga como protagonista.

Para a contorna da fonte deseñase un templete que conterà a auga de beber e que dignificará e fará máis ceremonioso o acceso a este valioso recurso. Tamén se manterán as bañeiras que existían antigamente e faranse unhas canles de auga para que as comuniquen, restauraranse e permitirase o seu uso de forma libre.

A intervención paisaxística tamén terá en conta o tratamento da vexetación e mellorará a entrada ao lugar, ordenando o aparcamento e propoñendo recorridos accesibles. O acceso actual en escalinata mantense pero propónse un recorrido alternativo para chegar á zona da minicentral.

### - Fase 2. Rehabilitación da minicentral como balneario:

Pretende utilizarse o volume preexistente, a estrutura e tipoloxía do edificio actual, mantendo ese carácter de ruína que resulta tan evocador da historia do lugar.





A preexistencia da minicentral, que hoxe está baleira, permite pasar ao outro lado, onde aparecen todos os elementos de carácter etnográfico, os catro muíños e a antiga casa do muiñeiro. Este paso é unha das claves da actuación, un espazo para deambular e para atraer aos visitantes cara o baño.

Os baños aproveitarán as augas mineromedicinais e basearanse nun recorrido que permita desfrutar do edificio e da contorna, das vistas e das árbores. Trátase de que o edificio e o uso de balneario sexa o máis eficiente e sostible posible minimizando ó máximo a necesidade enerxética.

- Fase 3 Rehabilitación da casa do muiñeiro:

Nesta zona realizaranse labores de limpeza, consolidación de muros, colocación de cuberta e porta. Tamén se recolocarán nese entorno algunhas das mesas situadas actualmente na zona das augas.

- Fase 4 Rehabilitación dos muíños

Rehabilitaranse nesta fase os muíños da canle do río. Proponse reutilizar algún como sauna e rehabilitalos todos limpando e consolidando os muros e as canles, recolocando as pedras e poñendo cubertas e portas.

e) Determinación dos medios que se comprometerán para a súa execución:

Para a realización das accións previstas, as partes asumen os compromisos previstos nas cláusulas seguintes.

f) Elaboración dun programa de comunicación e difusión do pacto pola paisaxe.

Plan de difusión e comunicación: Este plan aportará un valor engadido ás actuacións do pacto ao contribuír á difusión de boas prácticas para a xestión da paisaxe e á sensibilización da poboación sobre a importancia e as potencialidades da protección da paisaxe. O obxectivo deste plan será dar a coñecer o pacto e os seus resultados e beneficios á sociedade, co fin de aprender desta experiencia para o desenvolvemento de futuros pactos pola paisaxe, así como de achegar aos cidadáns esta iniciativa.

Tanto o IET como o concello de Cerdedo-Cotobade e a FEGAMP colaborarán na realización das seguintes actuacións de difusión e comunicación:

1. Difusión do pacto a través dos portales web - dedicándolle unha sección específica - e redes sociais corporativas de ambas institucións.





2. Presentación do pacto e dos seus resultados en eventos locais, rexionais, nacionais ou internacionais sobre a temática.
3. Notas de prensa e noticias en medios de comunicación, así como convocatoria de roldas de prensa.
4. Elaboración de materiais e documentos divulgativos e publicitarios.
5. Actividades de sensibilización sobre a paisaxe destinadas ao público xeral.

### TERCEIRA. COMPROMISOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1. Participar no financiamento da actuación recollida neste convenio, cunha achega máxima de seiscientos oitenta e catro mil oitocentos setenta e cinco euros (684.875,00 €), equivalente ao 100% do investimento previsto no territorio de Cotobade, con cargo á aplicación orzamentaria 07 81 541E 76000 (código de proxecto 2014 00003), repartido nas seguintes anualidades

No ano 2019.....402.868 €, IVE incluído

No ano 2020.....282.007 €, IVE incluído

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula segunda. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, O concello beneficiario poderá subcontratar, ata o 100% do investimento obxecto da axuda.

2. Inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.
3. Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
4. Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria, así como verificar o cumprimento do disposto na cláusula segunda.
5. Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán un/unha técnico/a con capacidade de decisión, que dirixirá e supervisará o traballo.





Este convenio tramitarase como un expediente anticipado de gasto ao abeiro do disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998, quedando condicionada a súa eficacia á existencia de crédito axeitado e suficiente.

#### **CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE**

1. Promover a realización das actuacións previstas na cláusula segunda deste pacto.
2. Dirixir os traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán un/unha técnico/a.
3. Encargarse de buscar outras formas de financiación necesarias para o desenvolvemento das actividades obxecto do pacto.
4. Redactar os documentos técnicos que definan as obras a executar.
5. Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.
6. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado neste convenio.
7. Comunicar ao Instituto de Estudos do Territorio a data de recepción das obras para o efecto de que se envíe un representante, que estará presente para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. De acordo coa mesma Lei 9/2007, o concello asume a total responsabilidade das execucións ante o Instituto de Estudos do Territorio,. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as obras, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.
9. Realizar ante o Instituto de Estudos do Territorio, a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación, de conformidade co previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:
  - a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/ sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
    - 1.º O cumprimento da finalidade da subvención.





2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obrigação polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) de leste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- b) Certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a en o correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) No seu caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día 30 de novembro de 2019 e 30 de novembro de 2020.

- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar ao Instituto de Estudos do Territorio, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.





- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.
- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

#### **QUINTA. COMPROMISOS DA FEGAMP**

A FEGAMP, na medida en que representa os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, promoverá a difusión deste pacto e levará a cabo as labores de intermediación necesarias para alcanzar os obxectivos previstos.

Igualmente comprométese a poñer a disposición do concello de Cerdedo-Cotobade a súa infraestrutura, medios materiais e humanos, organización e capacidade de xestión para acadar os obxectivos do presente pacto.

#### **SEXTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN**

O Instituto de Estudos do Territorio financiará as actuacións ata un máximo de seiscientos oitenta e catro mil oitocentos setenta e cinco euros (684.875,00 €), que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de Cerdedo-Cotobade contra a presentación por este das certificacións de obra executada. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes certificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos dous primeiros puntos do apartado 9 da cláusula cuarta.

Unha vez rematadas as obras, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Asemade, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.





O Instituto de Estudos do Territorio limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir, limitándose a súa contribución económica aos límites pactados no presente convenio.

#### **SÉTIMA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e o Instituto de Estudos do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

#### **OITAVA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL**

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

#### **NOVENA.-VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2020, salvo prórroga por 1 ano por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

#### **DÉCIMA. PUBLICIDADE**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).





### **UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **DUODÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento, composta por dous membros de cada unha das entidades asinantes. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, correspóndelle ao IET resolver as controversias relativas á interpretación e execución do convenio.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.





- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio, sen prexuízo dos danos e perdas imputables ao causante.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas, de conformidade co previsto na cláusula décima.

#### **DÉCIMO CUARTA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contenciosa-administrativa a resolución das controversias que poidan xurdir.

Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Ángeles Vázquez Mejuto  
(Asinado electronicamente)

Jorge Cubela López  
(Asinado electronicamente)

Alfredo L. García Rodríguez  
(Asinado electronicamente)

Presidenta do Instituto de  
Estudos do Territorio

Presidente da Comisión  
Xestora do Concello de  
Cerdedo-Cotobade

Presidente da Federación  
Galega de Municipios e  
Provincias ( FEGAMP)

